

Espazo FEE



A REVISTA DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA



Android en Galego

Viveiro de empresas da Universidade da Coruña

Xogando no futuro con Linux

Ensinanza práctica *versus* ensinanza teórica

A avaliación por compensación

Editorial

Velaquí un novo número de Espazo FEE, a revista da Facultade de Economía e Empresa da UDC. Silandeira e paseniñamente esta publicación vai facéndose un oco como un medio útil para promover a comunicación entre todos os que se forman, investigan, ensinan e prestan os servizos no seo da nosa facultade.

Comezamos un novo curso con novidades importantes. Canto á oferta de ensinanzas, hai cambios derivados da implantación de **dous novos mestrados universitarios** –o de Contabilidade Superior e Auditoría de Contas e o de Administración e Dirección de Empresas (MBA)– e da supresión do Mestrado de Xestión e Políticas Públicas. Malia a mágoa que nos provoca deixar de impartir este último, como consecuencia da caída da demanda por parte do alumnado, temos a satisfacción de constatar que a oferta reformulada coas novas titulacións, que se suman ao Mestrado de Banca e Finanzas, encaixa cos intereses do estudantado, a xulgar polo elevado número de solicitudes recibidas. Podemos afirmar que toda a oferta está cuberta e que, en consecuencia, hoxe temos noventa estudantes de nova incorporación ao posgrao da FEE.

Por outra banda, tamén estamos a implantar un novo programa de doutoramento, que é a transformación á nova lexislación do que xa se viña desenvolvendo no centro. Se as xestións que están actualmente en marcha prosperan, en breve tamén poderemos implantar un programa interuniversitario en colaboración coas outras dúas universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia.

Finalmente, continuamos o noso plan piloto de docencia en inglés coa

implantación dun grupo multilingüe no segundo curso do Grao en Administración e Dirección de Empresas. Consideramos que unha vez que teñamos consolidada esta docencia en todos os cursos do dito grao dispoñemos dunha inmejorable ferramenta de internacionalización, que permitirá intensificar os intercambios de estudantes e profesores dentro do EEES.

a publicación dos resultados da investigación nas revistas cos maiores índices de impacto a nivel internacional non debería ser un curso de actuación cuestionado

Porén, non debemos caer na autocompracencia, pois, como facultade, temos colectivamente serias eivas e profundas carencias que nos deben facer reflexionar sobre como estamos a desenvolver as funcións básicas que ten encomendadas a Universidade: docencia, investigación e transferencia.

Tocante á **docencia**, e malia que está pendente aínda unha avaliación rigorosa dos resultados da implantación dos graos, xa se están a detectar disfuncións que poden comprometer o nivel de calidade que pretendemos para as ensinanzas que impartimos. O elevado número de estudantes que non superan algunhas materias nuns prazos razoables debe provocar necesariamente unha reflexión honesta sobre a dedicación real e o nivel de compromiso dos discentes coa súa formación e, asemade, unha revisión crítica en termos de eficiencia e eficacia das metodoloxías docentes empregadas.

Canto á **investigación**, é inadiable que os grupos e os investigadores individuais que están a traballar na FEE orienten o seu traballo cara aos obxectivos

que se marcan por parte da comunidade científica, as administracións públicas e as axencias de calidade na investigación. Isto non debe significar nunca unha perda de independencia ou de criterio no labor investigación. Porén, non é menos certo que a publicación dos resultados da investigación nas revistas cos maiores índices de impacto a nivel internacional non debería ser un curso de actuación cuestionado a estas alturas. Só deste xeito conseguiremos colocar a FEE da UDC no mapa da investigación en Economía e Empresa. Non é doado facelo, mais é absolutamente necesario. Non debemos desviar os esforzos cara a outras canles –seguramente máis atractivas, e probablemente máis doadas no curto prazo–, que a sinalada. A experiencia dinos que no medio e longo prazo estes atallos adoitan revelarse escasamente eficaces para o persoal investigador e para o centro que os acolle.

Finalmente, cómpre facermos un esforzo adicional no eido da **transferencia**. Unha Facultade de Economía e Empresa non se pode permitir dar as costas ás empresas e institucións do seu contorno e renunciar a realizar proxectos onde o PDI poida resolver problemas reais por medio da aplicación dos coñecementos xerados e/ou difundidos na facultade. Nun contexto de restrición de fondos como o que estamos a padecer, o desenvolvemento de proxectos e traballos técnicos de alta cualificación pode ser unha boa vía complementaria de captación de recursos económicos para que os grupos e investigadores individuais financien novos equipamentos e actividades. Así mesmo, a experiencia adoita ser gratificante por canto tamén contribúe a incrementar os coñecementos e o saber facer dos que participan nas iniciativas de transferencia.

#androidengalego

Cun Microsoft que cada vez se vai portando mellor e de saída oferta a lingua galega entre os seus produtos máis populares (aínda que fose a base de subvencións e investimento público, e esa é outra historia...), cunha estable e crecente comunidade de tradutores de software libre que verten ao galego canto se poida verter e máis, cun Twitter cuxa interface desde hai uns meses xa nos permite chiar, rechiar e rechouchiar –logo dunha campaña e dun traballo colectivo que así o solicitou e levou a cabo–, @s galegofalantes temos por diante un novo reto tecnolóxico: conseguirmos que o sistema operativo Android estea tamén en galego. Noutras palabras, que a lingua galega figure entre os idiomas nativos do sistema, sexa lingua base e, por tanto, a súa presenza nos dispositivos estea garantida e non dependa da vontade dos fabricantes de incluíla ou non nos seus trebellos como acontece até agora.

Se temos en conta que, segundo datos da consultora Kantar recentemente publicados, a cota de mercado do sistema operativo Android no Estado español é do 90%, o reto que se presenta por diante é máis que oportuno e interesante, e contribuiría, sen dúbida, a introducir a nosa lingua nunha plataforma que xa se estende, e ameaza seguir facéndoo, por moi variados dispositivos.

Por todo isto, hai unhas semanas botou a andar unha campaña dirixida a Google para que faga posible que o galego conte cun paquete de idioma de seu. Co xigante do buscador que todo o busca e todo nos ofrece aínda temos pendente que nos poña o Gmail en galego, mais quen sabe se da repercusión social que teña esta iniciativa facemos que unha (petición) valla por dúas.

Así pois, non deixes de visitar a páxina

web <http://androidengalego.com/>. Nela atoparás o manifesto e o que é máis importante, a ligazón a Change para asinalo. No momento de escribir estas liñas máis de 3200 persoas xa o fixeron. E ti, vas quedar sen facelo? Divulga a campaña polas redes sociais, transmítellela ás túas amizades e contactos e digámoslle a Google que **para o Android tamén queremos galego!!**



#androidengalego

*Servizo de Normalización
Lingüística da UDC*

Erasmus e a Internalización

Dicía Erasmo de Róterdam que o colmo da estupidez é aprender o que logo hai que esquecer. Abrir as portas a Europa aos nosos estudantes para logo pechalas.

Nos anos que levo como profesor desta facultade tiven alumnado de moitas nacionalidades ao abeiro do programa Erasmus. Con algúns deles aínda manteño o contacto. Mesmo algún, xa como profesional, aproveita a súa visita a España para se desprazar á Coruña e tomar un café comigo. Como fervente defensor do proxecto europeo –digo fervente e non crédulo–, acho estritamente necesario que os nosos estudantes de Economía e Empresa se internacionalicen en Europa, con independencia dos seus resultados académicos, mais dando obviamente a prioridade aos mellores. A experiencia demostrame que algúns dos nosos estudantes con resultados menos brillantes se desenvolven posteriormente como excelentes profesionais ou empresarios. Isto é, que maduran intelectualmente con atraso sobre os seus compañeiros. Ao meu xuízo isto non debe ser óbice para frustrar as súas posibilidades de internacionalización profesional.

O mito da perda de tempo nunha universidade estranxeira esvaece con estes argumentos. Creamos profesionais adaptables a medios hostís e diferentes, por tal motivo, os estudantes deben establecer relacións transnacionais en Europa, nomeadamente como marco de referencia profesional inescusable.

Algúns dos meus ex-alumnos/as que cursaron estudos noutras universidades xa traballaron en varios países europeos e outros volveron para proxectar as súas habilidades profesionais en Galicia ou en España.

Unha das ensinanzas máis claras desta crise económica tan aguda é, sen dúbida, que os países con maior potencial exportador saen antes das súas dificultades ao compensaren as caídas da súa demanda doméstica cos incrementos da súa demanda exterior. A economía non se pode internacionalizar se o estudantado non se internacionaliza. **Algúns universidades europeas téñeno tan claro que obrigan por estatuto a que o 10% do seu alumnado estude noutros países e, asemade, que o 10% dos seus estudan-**

tes sexan forasteiros. Deste xeito, facilítanse os coñecementos culturais, idiomáticos e de todo tipo, que impulsan con posterioridade os negocios transnacionais e o coñecemento.

Carece de razón bloquear ou limitar o programa Erasmus. Avogo exactamente polo contrario, cando especificamente temos un elevado paro xuvenil e unha porcentaxe media de universitarios sobre a poboación no noso sistema que supera en catro puntos á media europea (28% fronte ao 24%).

Nunha situación de crecemento feble para a saída da crise que estamos a vivir, deberíamos darlle pulo á internacionalización das nosas universidades máis que nunca para favorecer o coñecemento de novos mercados para as nosas compañías e facilitar a formación de directivos e técnicos con visión europea. Noutro caso, será imposible crear unha economía con maior capacidade exportadora no medio prazo. Isto é unha condición necesaria para manter un crecemento sustentable no longo prazo.

*Carlos Estévez
PDI. Análise Económica*

Bibliotecas para sempre

Desde o ano 1997 todos os 24 de outubro o persoal bibliotecario celebra o Día da Biblioteca. Nese día as bibliotecas facémonos máis visibles e reivindicamos o noso papel de instrumentos culturais básicos, garantes do acceso á información e o coñecemento sen exclusións.

Pero este ano, de xeito paradoxal, moitas bibliotecas pechamos as portas, pois coincidiu coa folga xeral contra os recortes e as reformas normativas en educación. As chamadas políticas de austeridade derivadas da crise económica estrangulan o sector da educación pública, do que as bibliotecas son parte substancial (aínda que moitas veces esquecida) polo que padecen directamente as súas terribles consecuencias.

Non obstante, hai máis ameazas que planan as bibliotecas na actualidade. O argumento falaz de que coa crecente dixitalización da información as bibliotecas xa non serán útiles, sinalándoas como institucións obsoletas, estase utilizando politicamente en moitos países, incluso de gran tradición bibliotecaria como son os do ámbito anglosaxón, para tentar desmantelar o sistema. Noutros lugares isto xa é un feito, como comprobamos recentemente coa dramática chamada de atención das bibliotecas universitarias gregas¹.

Reunir, organizar e difundir a información documental, o labor que tradicionalmente sempre fixeron as bibliotecas, no mundo dixital é máis necesario que nunca. Son as bibliotecas as que subscribindo ou seleccionando os recursos proporcionan o acceso a información dixital de calidade a través da súas páxinas web, elaborando e mantendo os repositorios, portais, catálogos e demais instrumentos de busca e recuperación da información. É o seu persoal o que forma e asesora aos seus usuarios sobre o uso destas ferramentas.

Por outra banda, é necesario tamén defender a permanencia dos espazos físicos. Espazos transformados, adaptados ás novas necesidades tecnolóxicas e ás actuais formas de aprendizaxe e de lectura, pero imprescindibles como punto de encontro da comunidade e como lugares de estudo, individual ou compartido, con acceso a todos os recursos de información e co persoal cualificado para orientar e asesorar.


Tamén é nestes espazos onde se atopan as coleccións impresas, moitas veces fondos de gran valor, especialmente para a investigación en moitas disciplinas, que cómpre conservar e dar acceso. Ao mesmo tempo é necesario manter e actualizar estas coleccións, pois o formato impreso ten, polo de

agora, un peso moi importante e os escenarios futuros son certamente difíciles de predicir.

A comunidade bibliotecaria é un colectivo de persoas moi comprometido co seu traballo, acostumado a reinventarse continuamente para facer fronte ás necesidades cambiantes e complexas dos usuarios, pero necesita da concienciación e do apoio de toda a sociedade para poder asegurar a continuidade deste ben común, o único servizo que proporciona o acceso libre e igualitario a información, a formación e a cultura.

1 Hellenic Academic Libraries Link, www.heal-link.gr

Biblioteca da FEE



Ensinanza práctica *versus* ensinanza teórica: unha breve reflexión

Unha crítica recorrente no estudantado da titulación ADE –descoñeza se isto é unha singularidade propia desta titulación ou é unha idea tamén compartida noutras– é a falta de ensinanza práctica e que hai moita ensinanza teórica. Algo de razón deben de ter cando todos pensan así. O alumnado quere tirar o máximo proveito do seu paso pola Universidade e nese senso entende que a mellor forma é dotando o ensino dun maior contido práctico. Dise que Steve Jobs –cofundador de Apple– decidiu non seguir estudando na universidade porque cría que estaba a perder o tempo con moitas das materias. Anécdota ou realidade, o certo é

que en moitas ocasións se ensinan demasiados coñecementos abstractos que teñen, indubidablemente, o seu valor científico, mais que desde o punto de vista de capacitar o alumnado para resolver problemas que vai enfrentar nas súas vidas lle resulte de pouca ou ningunha utilidade. Por tanto, ensinanza teórica ou coñecemento abstracto SI (en maiúsculas), pero sempre e cando este coñecemento lles sexa útil, e isto ocorrerá cando este coñecemento lle permita comprender o seu mundo, que no caso dos alumnos de ADE e comprender a realidade das organizacións, o obxecto de estudo desta titulación. Se as teorías

se seleccionan con este criterio dotaremos o alumnado dos instrumentos analíticos necesarios para o desafío que supón a súa futura profesión: a xestión eficaz e eficiente das organizacións nun mundo en crecente complexidade. E por riba seremos capaces de xerar o entusiasmo necesario nos alumnos para a aprendizaxe e a valorización daquelas. Por tanto, e como todo na vida a virtude está na combinación adecuada de coñecemento abstracto útil e coñecemento práctico útil.

*José López-Rodríguez,
PDI. Organización de Empresas*

Viveiro de Empresas da Universidade da Coruña

A Universidade da Coruña (UDC) ten entre os seus obxectivos prioritarios o desenvolvemento profesional dos membros da comunidade universitaria. Atendendo á crecente demanda de espazos para empresas, en outubro de 2004, créase o Viveiro de Empresas da UDC, situado no Edificio de Servizos Centrais de Investigación do campus de Elviña, co compromiso de acoller e axudar os emprendedores na posta en marcha e supervivencia dos seus proxectos empresariais.

As empresas que desexen un espazo deben estar promovidas por membros da comunidade universitaria, concretamente: estudantes, profesorado, persoal investigador e persoal de administración e servizos.

Buscamos no Viveiro iniciativas empresariais con base tecnolóxica ou coñecemento xerado na Universidade. Unha vez publicada a convocatoria de espazos libres, os promotores interesados deberán presentar unha solicitude xunto cunha memoria.

Que valoramos? A madurez da idea, o equipo promotor, a novidade do negocio e, por suposto, a necesidade dun local para desenvolver as actividades propostas.

O Viveiro consta de sete locais cunha superficie aproximada de vinte metros cadrados cada un, dotados con mobiliario e conexión de voz e datos. Estes locais poderán ser utilizados por un período máximo de dous anos. Ademais, conta con outras instalacións de uso común, como salas de reunións, salón de actos, aulas de formación, conserxaría e área de descanso.

Á parte das instalacións, o Viveiro ofrece servizos de asesoramento na elaboración do plan de empresa, na constitución, procura de financiamento, protección da innovación e en cuestións xerais da xestión empresarial.

Desde o Viveiro colaboramos con outras entidades para que os promotores das empresas poidan dispoñer de formación e ampliar os seus contactos comerciais.



Para máis información hai que contactar coa Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI), desde onde atenderemos con moitísimo gusto as dúbidas que lles puideren xurdir ás persoas interesadas en solicitar un local no Viveiro.

*Javier Garrido Barral
Técnico de empresas e responsable
do Viveiro de Empresas da UDC
OTRI*

A Facultade de Economía e Empresa obtén a certificación da implantación do seu sistema de garantía de calidade

O día 5 de novembro de 2013, o director da ACSUG, Eduardo López Pereira, fixo entrega do documento acreditativo da certificación da implantación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Economía e Empresa. Neste proceso piloto en España só participaban dous centros da UDC, a instancia desta: a Facultade de Informática e a FEE.



As axencias ACSUG, ANECA e UNIBASQ deciden desenvolver o proceso de certificación da implantación dos

sistemas de garantía de calidade (SGC) nos centros universitarios, un feito que dá continuidade a un proceso que comezou no ano 2007, momento en que ACSUG, ANECA e AQU presentaron publicamente o programa AUDIT. A fin última deste proceso é a comprobación da correcta implantación do SGC e a súa eficacia.

Que supón recibir esta certificación? Entre outras implicacións, cómpre destacar que a obtención deste certificado de calidade, outorgado pola ACSUG, supón un recoñecemento e difusión pública do nivel de madurez acadado na implantación do SGC do centro. A finalidade última é determinar se o sistema implantado segue a cumprir as directrices definidas no Programa FIDES-AUDIT ou pola institución universitaria.

O proceso de certificación implica o desenvolvemento dunha auditoría de

tipo presencial. Así, o día 11 de xullo de 2013 tivo lugar a visita ao noso centro do equipo auditor, composto por tres membros alleos á nosa institución. Tras varias horas de traballo, emitíase un informe preliminar adiantado do final (de 30 de xullo): unha avaliación favorable da implantación do noso Sistema de Garantía de Calidade.

Este resultado positivo non se acadaría sen o esforzo e o tempo que ao longo dos últimos anos dedicaron as persoas implicadas na complexa tarefa de xestión da calidade na nosa facultade (e antes da fusión de centros) e o pulo dos equipos directivos. A obtención deste distintivo de calidade debe ser un motivo de satisfacción para o centro e para a institución, ao tempo que un recordatorio para seguir traballando máis e mellor.

Estefanía Mourelle Espasandín (PDI)

6 Razóns para te ires de prácticas con **AIESEC**

1. Compara o prezo das galletas para untar

Saír do teu país sempre che permite explorar lugares. O máis típico é que cando voltas para a casa lles comentes á familia e ás amizades o prezo da vida, se está máis ou menos cara. Aproveita e vaite de prácticas con AIESEC. Non deixes que cho contén, investigao ti mesmo. Poderás recompillar información e facer os teus propios estudos. Propoñémosche, en consecuencia, que compares o prezo das galletas para untar no país que ti elixas e que ao volver nos deas a túa valoración. Acéptanse sorpresas (prezo estándar en España: 1,20€).

2. Aprende contabilidade en chinés

Se crías que xa o sabías todo sobre a túa carreira, pénsao de novo. Ou tal vez pénsao noutra lingua. Sabías que os anos fiscais chineses son iguais aos de Occidente, pero, en cambio, o seu calendario lunisolar é diferente, polo que non coinciden? Aceptarías o reto de traballar nun ambiente totalmente distinto a todo o que coñeces e familiarizarte con esta cultura milenaria? Sen dúbida ningunha sería unha experiencia moi enriquecedora.

3. Sabes conducir pola esquerda?

"Por que van todos os coches en sentido contrario?". Se ese é o teu pensamento, necesitas unha dose de prácticas noutro país. Facer prácticas no estranxeiro permíteche ter novas experiencias e indagar por ti mesmo nos costumes e atractivos doutros lugares.

AIESEC dáche a oportunidade de vivir novas aventuras noutros estados e que nos contes o increíble que che aconteceu. Nunca pensaches o ben que estarías cunha saia escocesa?

4. Leva Galicia para o mundo

Cansado de falar coas vacas? Gustaría- che falar con outros animais? Con AIESEC pódeste ir a outros países, falar con outras especies animais e, de paso, practicar idiomas.

5. Pasa de *ridículum* a *currículum*

Queres pasar de ter un currículum calquera a un de verdade? Con AIESEC é posible. Coas prácticas que che ofrecemos poderás mellorar a nivel persoal e académico en todos os sentidos. Coñecendo novas culturas, novos hábitos de traballo e, sobre todo, formándote para volveres a España cun currículum atractivo que che abrirá as portas que necesitas. Non o dubides e emprende esta aventura que seguro che cambiará a vida.



6. Amplía os teus seguidores

Cansado dos mesmos seguidores ou de ler estados só en galego ou castelán? Teño a solución aos teus problemas. Sal da túa zona de confort e descubre.

Imaxínaste o fantástico que sería aprender novos idiomas e coñecer novas culturas cada vez que entres no teu taboleiro do Facebook ou Twitter? Queres ter esta sorpresa cibernética?

As túas redes sociais serán totalmente multiculturais. Sigue a @aiesecacoruna e non perdas de vista o que buscas!!

AIESEC A Coruña
(Asociación Estudiantes)

Márketing relacional. Unha transición desde o márketing de transaccións.

A definición de márketing como “a ciencia do comportamento que busca explicar as relación de intercambio” (Hunt, 1983: 13) ou como “un proceso social e de xestión a través do cal os distintos grupos e individuos obteñen o que necesitan e desexan, creando, ofertando e intercambiando produtos con valor para outros” (Kotler & Keller, 2006: 16) fan notar un certo cambio na concepción do márketing cara a unha orientación relacional e que contrasta coa definición de xestión de márketing adoptada pola AMA (1985): “proceso de planificar e executar a concepción do produto, prezo, promoción e distribución de ideas, bens e servizos, para crear intercambios que satisfagan tanto obxectivos individuais como de

organizacións” que presenta trazos máis transaccionais.

Isto permítenos afirmar que “o papel que xoga o márketing dentro da empresa consiste en permitir que esta alcance os seus obxectivos mediante a satisfacción a longo prazo do cliente e de forma máis eficaz e eficiente que a competencia” (Vázquez, Santos & Sanzo, 1998: 18). Tal aserto baséase en tres piares básicos, como son a orientación ao cliente, a orientación á competencia e a posta en práctica dun márketing de relacións.

Os cambios producidos no contorno, xunto coa maior concesión de importancia ás relacións, con vistas a lograr unha vantaxe competitiva, teñen como resultado a maior énfase no mante-

mento e fidelización dos clientes en detrimento dun único pensamento centrado na captación destes e que poñen de relevo a definición de márketing de relacións que segundo (Berry, 1995), consiste en atraer, manter e intensificar as relacións co cliente, sen esquecermos que o márketing de relacións vai máis alá do cliente final da organización.

Todo o sinalado evidencia un cambio cara a un márketing de relacións, que se detalla a través do seguinte gráfico en que presentamos as diferenzas entre o márketing de transaccións e o relacional.

*Diego Casariego Mogo
Estudiante. Grao en Ciencias
Empresariais (curso ponte)*

Márketing de transaccións

- ✓ Céntrase nunha única venda
- ✓ Céntrase nas características do produto
- ✓ Orientación a curto prazo
- ✓ Escasa énfase no servizo ao cliente
- ✓ Compromiso limitado co cliente
- ✓ Contacto moderado co cliente
- ✓ A calidade é responsabilidade da produción

Márketing de relacións

- ✓ Orientado a manter o cliente
- ✓ Céntrase nos beneficios do produto
- ✓ Orientación a longo prazo
- ✓ Grande énfase no servizo ao cliente
- ✓ Alto grao de compromiso co cliente
- ✓ Alto grao de contacto con cliente
- ✓ A calidade é responsabilidade de todos

Fonte: Elaboración propia adaptado de (Christopher, Payne, & Ballantyne, 1994)

...obxectivos no tempo...

Unha teoría chegou a ser clara co paso do tempo: faise necesario un organismo público que funcione. No momento actual estamos certamente confusos dado o desconcerto organizativo e mais pola ausencia de prestixio dos nosos representantes políticos, á vista da súa falta de eficacia desde o punto de vista social e da falta de eficiencia no uso dos recursos que dispoñen e o aproveitamento real que fixeron deles persoas físicas e xurídicas.

Estamos nun momento histórico en que é esencial a coordinación e cooperación entre os habitantes e/ou institucións, o que fai necesario para moitas persoas o apoio incondicional dos outros habitantes.

Ante esta situación podemos entender que a rexión co estado de benestar máis

desenvolto é capaz de aumentar o valor das doazóns, xa que os seus habitantes poderán cubrir máis facilmente as súas necesidades fisiolóxicas en vez de ser requiridos parte dos seus activos para a supervivencia individual ou familiar. Isto pode traducirse en que en que a cidadanía con maiores políticas sociais de desenvolvemento asumirá a solidariedade en maior medida ou outros principios de colaboración que permitan o avance dos obxectivos comúns e aínda indispensables.

Non é obxectivo deste artigo a crítica dunha ou outra sociedade ou ideais individuais ou partidistas, senón a necesidade de cubrir os requisitos mínimos para unha vida digna e en igualdade de oportunidades para as diferentes persoas do planeta. Moitas

institucións públicas ou altruístas pasaron anos loitando por estes principios, mais aínda temos que conformarnos con escribir os requisitos nun papel en lugar de dar por obrigatorios os dereitos básicos dunha vida humana.

É “voz populi” que a colaboración e a coordinación entre as persoas ou organizacións poden alcanzar calquera obxectivo que se propoña, pero aínda a día de hoxe teñen, e temos, que respectar os principios económicos que restrinxen o logro dos obxectivos esenciais para que moitos persoas teñan un futuro... un mañá.

*Javier Cordal Lagares
licenciado en ADE
e estudante de MUCSAC*

Xogando no futuro con Linux

O día 16 de xuño, Valve, unha empresa de xogos de ordenador **anunciou que a súa plataforma Steam ía estar dispoñible para Linux**. Isto é, o sistema operativo do pingüín ía dispoñer dalgúns dos seus xogos profesionais. Mais non rematou con iso, senón que un pouco despois anunciou que Linux ía ser o centro da súa estratexia, e anunciaba unha consola, a SteamMachine, que funcionaría cun **sistema operativo propio, o SteamOS**, que non é máis que **unha distribución de Linux adaptada**.



A comunidade *linuxeira* emocionouse. Podo imaxinar bágoas a descender por algunhas caras, xa que despois de todo unha queixa habitual é a falta de xogos profesionais en Linux, e non só, posto que as empresas de sóftware de consumo ignoran sistematicamente este sistema. Non me estraña. Linux está apenas no 1% dos ordenadores do mundo, e aínda que aumenta, aos pouquiños, pareceríame un éxito que acadase o 4 ou 5% dentro de 10 anos.

Con todo, a aposta de Valve é forte, e moi seria. Que ten este 1% que xustifique ese esforzo? Nada. Na miña opinión non é aí onde hai que mirar, senón nos 65 millóns de usuarios que ten Steam, os cales, nun futuro poderían abandonalos. Explícome: o negocio de Valve baséase nunha plataforma de distribución de xogos que, para abreviar, podemos supoñer semellante ao Market de Android. Este modelo de distribución e instalación vaise estender no futuro, e Windows e OSX virán

cos seus propios *markets* adaptados, así Microsoft e Apple controlarán mellor o que se vende ou o que se instala nos "seus"¹ ordenadores. Deste xeito calquera empresa de sóftware poderá vender a partir dos *markets* propios de cada SO e non necesitarán da Valve, que ademais estaría xogando en campo alleo, distribuindo xogos nos sistemas dos seus competidores.

Que facer? Á parte de ser SEMPRE moito mellor que os competidores, tamén sería importante dispoñer do teu propio terreo de xogo, e aquí é onde entra o SteamOS e as facilidades de GNU-Linux.

A ideoloxía que está detrás do sóftware libre permite que calquera o reutilice. Ou sexa ti (ou Valve, ou Google) podes coller o código, adaptalo e vendelo, sempre e cando permitas que outros fagan o mesmo co teu produto. É o exemplo de Android, ao que sería máis exacto denominar Android-Linux.

Deste xeito vólvese moi simple crear un sistema operativo, instalalo na túa consola e, mellor aínda, deixalo libre para que calquera outra empresa venda ordenadores "especializados en xogos de Valve".

Esta aposta, de rebote, vai beneficiar aos usuarios de Linux, xa que aumenta a oferta de ordenadores co sistema preinstalado: pasaríamos de "practicamente nada" a "algún que outro". Así, se

a SteamOS se comporta como unha "vulgar" distribución de Linux, un "ordenador para xogar" tamén servirá para facer os deberes, ver películas, instalar o R para traballos de Estatística....

Con todo, dubido que este movemento vaia producir un gran aumento de usuarios do pingüín: as rutinas dos usuarios son fortes o que fai difícil derrubar un líder: Windows, Facebook, Twitter... Se deixas calquera deles abandonas ao mesmo tempo as súas facilidades de comunicación porque "teñen" a todo o mundo. Por exemplo, se estudas economía, ¿cantos problemas vas ter para intercambiar ficheiros de traballo cos outros estudantes, enviárllelos aos profesores ou abrir os DOCX con portada que che envíen?

Non son moi optimista con respecto a eses grandes cambios, pero o partidoponse interesante e, cando menos, xogar en Linux será un pouco máis divertido :-)

<http://estadistica.es/cafe/blog/view/47/xogando-no-futuro-de-linux>

Xosé Martínez

¹ Ordenadores polos que ti pagarás e considerarás da túa propiedade, curiosamente



Que non te confundan cos números!

Nas carreiras que se poden estudar nesta facultade impártense materias con contidos de matemáticas e estatística que, a pesar das dúbidas ocasionais sobre a súa utilidade futura que o alumnado dos primeiros cursos da carreira poida ter, trátase de ferramentas non só útiles, senón abundantemente empregadas. As fórmulas máis ou menos complexas, as derivadas ou as gráficas son instrumentos que nos permiten interpretar conxuntos de moitos números.

Unha das cousas que non se adoita mencionar nas clases desas materias son os usos perversos que se poden facer con elas. Así, quen publica conclusións baseadas en datos pode xogar coas escalas dos eixos dos gráficos, as

cores das barriñas, as medidas utilizadas (ex.: usar a media nunha distribución con moita varianza e non a mediana) etc., todo para manipular a información ou disfrazar a realidade (algo moi habitual nos medios de comunicación). Mesmo se pode xogar cos datos que se seleccionan para que sirvan de apoio á mensaxe que se pretendía transmitir de antemán.

Un dos exemplos máis polémicos atopámolo no *paper* de Reinhart e Rogoff titulado "*Growth In A Time Of Debt*" (2010), no cal chegaron, grazas á exclusión selectiva de datos, a unhas conclusións (utilizadas para defender a austeridade) que se demostrarían logo como non concluíntes. Estes autores incluso entraron nas apostas para

gañaren o Nobel de Economía, un premio que en ocasións non está exento de polémica, coma o deste ano, no cal dous dos tres autores premiados son coñecidos por defenderen ideas contrarias; mentres E. Fama é coñecido por defender que os mercados son eficientes e os axentes son racionais, R. Shiller é un defensor dos *Animal Spirits* que contradín esa racionalidade, tal e como se pode ver na mencionada obra, escrita xunto ao tamén Nobel G. Akerlof, quen por certo é o marido de J. Yelle, que en pouco tempo substituirá a Bernanke á fronte do FED. Ao final todo queda en familia.


Fernando Rey Castro
Ex-alumno da UDC, licenciado en ADE

As Fragas do Eume

A comezos do pasado mes de outubro decidín facer unha ruta de sendeirismo polo parque natural das Fragas do Eume na compañía dun grupo de bos amigos cos que comparto a afección por esta variante "light" do montañismo. Realmente podémonos considerar privilexiados por termos a posibilidade de gozar dun espazo natural dunha grandísima beleza e riqueza natural a menos de media hora dos nosos fogares.

Para os que descoñezan este verdadeiro tesouro, o parque natural abrangue unhas nove mil hectáreas arredor do río Eume. Na súa superficie, que se estende polos concellos de Pontedeume, Cabanas, A Capela, Monfero e As Pontes de García Rodríguez, atópase na actualidade un dos bosques atlánticos mellor conservados de Europa. Malia o lume da primavera de 2012, que arrasou unhas 350 hectáreas do parque das fragas, o visitante pode mergullarse nun dos lugares de Galicia con maior patrimonio de flora e fauna autóctona. Se camiñamos cos nosos sentidos dispostos a saborear a Natureza, poderemos apreciar a inmensa gama das cores do monte en outono e a presenza de animais como as londras, os bufos

ou escornabois; gozar co recendo e a frescura dunha mañá inundada pola luz do sol morno de outubro; e escoitar o balbordo dun Eume cheo de vida.



Alén disto, podemos visitar dous edificios históricos do máximo interese para comprendermos o noso pasado: os mosteiros de Caaveiro e Monfero. Neles un pode valorar dúas magníficas xoias da arquitectura relixiosa medieval, reflexionar sobre o noso pasado

colectivo, e comprender por que este País é como é e, sobre todo, como podería ter sido se, nos momentos clave da nosa historia, as decisións ou os resultados dos procesos fosen distintos dos que realmente foron. Xunto a eles, tamén nos é posible atopar numerosos cruceiros, pontes, ermidas e mesmo mostras de instalacións pertencentes ao patrimonio industrial de Galicia, como pequenas centrais hidroeléctricas e canalizacións para aproveitar o potencial enerxético do río.

Para rematar, gustaríame subliñar unha idea importante: **sexamos conscientes da inmensa fortuna que temos por poder gozar de maravillas como as Fragas do Eume**, que están ao alcance de todos e que son verdadeiras medicinas para o corpo e para a alma. Aproveitemos o noso tempo de lecer para reencontrarnos coa Natureza e evadirnos dunha vida cotiá chea de lerios e de situacións que nos enchen de tribulacións e nos afastan da plenitude.

Anxo Calvo Silveira
PDI
Economía Financeira e Contabilidade

O Lombeiro Amarelo

Marlo

Catro anos van xa dende a última vez que me sentín amarelo. Tratei, por aquel entonces, de montar un negocio. E vaia se o montei. O primeiro que fixen foi pedir consello a un dos catedráticos da facultade. Este, amablemente, instoume a buscar un sector de negocio que tivese uns bos froitos. Sendo impulsivo como son, entendino mal e montei unha froitaría. Que lle imos facer. Seguindo outro consello que me animaba a ser moi enérxico, a primeira remesa de froita pedina o mesmo día que decidín monta-lo negocio. Podreceu entre papelames de apertura. Foi a miña primeira lección empresarial: non todos remamos á mesma velocidade, polo que a traiñeira, en ocasións, entra en descontrol e perde o rumbo. Unha vez pasado o "nimio" trámite burocrático, estiven uns días tratando de recordar para que eran todos eses papeis. Afortunadamente, divagando sentado baixo unha árbore, no xardín de meus pais, unha mazá caeume na cabeza e, tras estar horas formulando unha teoría sobre a gravidade, por fin recordei o meu cometido de monta-la froitaría.

Facendo uso das análises de mercado-tecnia máis avanzadas, elixín un local ben situado comercialmente e alugueino. Un primo pintor encargouse de deixalo bonito. Eu, serio como son, propúxenme pagar todo día a día, para ter contentos aos provedores. Todo comezou de vicio. Traía xénero de primeira. As señoras do barrio mataban pola calidade do meu cogombro, aínda que a banana tamén gustaba moito. Se unha señorita inexperta entraba, eu tocáballe os melóns para asegurarme que non os levase demasiado maduros. Cos homes tiven traballo extra, pois a miúdo se quedaban "atrapados" nas quince variedades de cítricos que tiña e acababan chorando desconsolados ao grito de "eu só quería laranxas". Debido á miña dedicación e esforzo, conseguín uns clientes moi satisfeitos e o negocio tirou cara a arriba.

Un día, movendo uns kiwis, escoitei treme-la terra. Semellaban as pisadas

dun enorme animal achegándose ao meu Jeep. Unha especie de elefante xigante. Púxenme a correr rúa abaixo e cheguei á vella barriada onde antes estaban as casas baratas. Erguíase alí unha horripilante estrutura de formigón que emerxía do chan e parecía rematar aparafusada ao ceo, aínda que un rápido calafrío me fixese sentila máis vinculada ao inferno. O novo centro comercial estaba rematado e, con el, un enorme e mastodóntico hipermercado.

Non pasa nada, díxenme. Ofrezco un bo servizo e uns bos prezos. Teño a xente contenta. Non me quitará demasiados clientes.

Tras dúas semanas nas que me quitou demasiados clientes, decidín acercarme a ollar. Cauteloso, chanteime na sección da froitaría. A calidade non era nada do outro mundo pero non estaba mal. O que tiña que estar mal eran os prezos; baixos, moi baixos. Estaban vendendo por debaixo dos seus custos, que xa eran baixos de por si pola enorme cantidade de mercadoría que compraban e os acordos comerciais que tiñan asinados, para expulsarnos do mercado a toda a competencia da zona. Para esmagarnos como os paquidermos sen freos que eran.

Indignado, tratei de falar coa persoa ao cargo do hipermercado. Tras moitas rabechas, conseguín subir a falar coa xerente. Noviña, uns 30 anos, ben vestida e cun cheiro que consolaba, nada parecido ao fedor a xofre que esperaba.

Expliqueille brillantemente os novos postulados de última fornada sobre a economía do ben común, dun capitalismo baseado na solidariedade pero que resulta máis eficiente que o modelo actual. Neste novo modelo a miña boa saúde económica favorece que eu poida ir a comprar aos seus supermercados e así entremos nun movemento rolante de retroalimentación, xirando para un crecemento totalmente sostido. Obviamente e antes de

remata-la miña exposición, para mellor exemplo, decidín escenificar ese movemento rotatorio co meu corpo, reproducíndoo magnificamente namentres roulaba escaleiras abaixo tras o impulso do garda de seguridade.

Supoño que decidín facer a última cousa razoable que me faltaba. Cerrei a froitaría, volvíndome a xerente e inviteina a saír.

Acabamos o verán a fume de carozo. Bicos cálidos. Aloumiños doces. Subiamos ao lombeiro do Faro, arriba das casas, perseguíndonos como mozos, ou como tolos, ata que o sol nos pintaba a cara de amarelo e nos facía acougar no curuto. Pretiños alento con alento.

Ao final a miña tese da economía solidaria funcionou, pero dunha maneira máis innovadora, por así dicir. Ela esnaquizaba sen compaixón toda resistencia comercial existente á vez que se preocupaba por min. Púxome á fronte de non sei que carallada de xestión de activos intrínsecos á exportación e ao comercio internacional. Na Wikipedia non encontrei o que era, pero debe ser algo importante, porque cobrar, cobro en ramas de canela.

Non me miren así. Pode parecer pouco ético pero... Hai amor, de verdade. E non é honesto o amor? Ámoa... Pero, todo parece tan... relativo. Choro para arriba e parece que o mundo está do revés.

Amarelo é un estado de ánimo/aloumiño.

Paquidermo é unha cor.

TÍTULO: O LOMBEIRO AMARELO
AUTOR: MANUEL GIL CASTRO
CORREO ELECTRÓNICO:
magicast_@hotmail.com
TELÉFONO: 661021682

Se envellecemos xuntos



Independentemente da valoración literaria que se faga, “Se envellecemos xuntos” é o poema que máis aceptación tivo dos que levo escrito. “Adiós, amor, ya no envejeceremos juntos” son as palabras que están detrás dos versos. Corresponden á noiva de Arturo Ruiz, un rapaz que caeu abatido polas balas cando reclamaba liberdade nunha rúa de Madrid, arredor de 1978. De inmediato me conmoveu esa frase de despedida, a conciencia asumida da perda, imposibilitados de vivir xuntos, de “envellecer xuntos”. Rematei a primeira versión no Nadal dese ano e ao cabo duns meses presenteino a un certame que se convocaba en Compostela. Pasou desapercibido e así permaneceu por anos até que alguén, moito tempo despois, o leu nunhas vodas de ouro. Paseniramente, sen contalo, a súa lectura foise facendo habitual nas cerimonias nupciais, especialmente nas civís. Un díptico deseñado por Perfecto Estévez, outro con fotografías de Yolanda Ferrer e a edición dun libro co poema traducido a dezasete idiomas —mercede ao entusiasta labor de Fernando Bores e Luciano Rodríguez— propiciaron un espallamento aínda máis grande.

Ve a luz agora esta segunda edición cunha tradución engadida ao finés e cunha nova versión do árabe feita polo poeta iraquí Abdul H. Sadoum. Mais, sen dúbida, a gran novidade é a achega plástica de Xurxo Gómez-Chao, coas fermosas imaxes que acompañan os textos. O ton grave e repousado do poema vese así compensado coa delicada beleza das ilustracións. Que o disfruten.

Xulio López Valcárcel,
primavera de 2013

Nota do autor á segunda edición do libro *Se envellecemos xuntos* publicado por Edicións Galebook, 2013.

SE ENVELLECEMOS XUNTOS

Se subo ata o teu berce
e me remonto polos anos
son neno contigo en mañás azuis
de balanços e campás,
préndome ao voo da túa saia
e esperto ao amor
nun mencer cheo de alas.

Mais, se envellecemos xuntos,
se percorremos o vieiro da vida
paso a paso,
mirarei nos teus ollos
o esvarar do tempo
inorde como un barco.

Se envellecemos xuntos
e desfago a madeixa dos meus días
ao teu lado,
fareime confidente
do teu camiño sen pegadas,
do teu canto e do teu ánimo.

Compartirei o sal, o leite
e o abrazo,
saberei escuramente que o noso paso
polo mundo non é en balde.

Confundidos nun único latexo
acompañados,
seremos dous regatos marchando
nunha mesma auga,
dous lumes consumíndose
nunha soa chama,
dúas vagas acalando o seu fragor
na area final,
última praia.
Entre as idas e voltas do azar
ou do destino,
ti serás a certeza.


Se envellecemos xuntos,
se te acompaño neste tránsito,
deixarei bolboretas lenes
nas túas pálpabras cansas,
escoitarei repenicar a chuvia
nas xanelas da nenez,
sentirei a túa voz
esmorecer en calma.

Bastarame para entendela todo
a limpa mirada da túa luz sen ansia.

Preguntas frecuentes na administración da FEE.

A Avaliación por Compensación

REGULAMENTO DE AVALIACIÓN POR COMPENSACIÓN, aprobado polo Consello de Goberno do 29/9/2011 e modificado polo acordo 24/9/2013



Que é a avaliación por compensación?

A avaliación por compensación tenta dar resposta a situacións académicas excepcionais que lle impiden ao estudante obter o título debido a que non superou algúns créditos ou unha materia. A súa finalidade é xulgar o labor realizado polo estudante durante todos os anos de estadía na universidade e permite decidir se, en conxunto, está en posesión dos suficientes coñecementos e competencias profesionais para obter o título.

Cales son os requisitos? Só se concede ao estudante que cumpra todos e cada un destes requisitos:

- 1) Que, matriculado en calquera titulación oficial, cursase, polo menos, o 50% desta na Universidade da Coruña.
- 2) Que só lle reste unha materia para finalizar os estudos da titulación correspondente (coa excepción do proxecto de fin de carreira, traballo de fin de grao e traballo de fin de mestrado), e non transcorresen máis de tres cursos académicos desde a última convocatoria suspensa.
- 3) Que esgotase, como mínimo, dúas convocatorias de exame nas titulacións non adaptadas ao EEES e dúas oportunidades de avaliación nas titulacións de grao e de mestrado, da materia que solicita compensar.

4) Que a nota media do seu expediente académico, sen computar a materia en que se solicita a compensación, sexa igual ou superior ao 80% da nota media da súa titulación na última promoción con dereito a docencia.

5) Que estea matriculado na materia en que solicita compensación, sempre que a normativa vixente lle permita. En caso contrario, deberá matricularse desa materia só para os efectos de concorrer ao procedemento de avaliación por compensación.

Cales son as limitacións? Non se poderá conceder:

- 1) Se accede a un segundo ciclo desde un primeiro ciclo con título terminal no que xa efectuou a compensación dunha materia. Do mesmo xeito, cando se acceda a unha titulación de grao por estar en posesión dun título oficial universitario que permita esa posibilidade ("curso ponte", de acordo coa memoria verificada do plan de estudos) e xa se efectuase a compensación dunha materia.
- 2) Se no título previo que dá acceso a un mestrado se concedese unha avaliación por compensación.
- 3) Se procede doutra universidade, onde xa se lle concedeu a avaliación por compensación curricular.
- 4) Para o proxecto de fin de carreira, o traballo de fin de grao e o traballo de fin de mestrado. O prácticum e as prácticas ou estadías clínicas poderán ser avaliadas por compensación no caso de que consten dunha parte teórica e doutra parte práctica, e sempre que a primeira constitúa, como mínimo, o 50% dos créditos totais asignados a esa materia.

5) Ao alumnado ao que lle conste algunha sanción no seu expediente académico.

Cal é o órgano encargado de resolver?

Todos os centros da Universidade da Coruña contarán cun tribunal de compensación.

Como e cando a solicito?

A solicitude de avaliación por compensación irá dirixida, por medio dunha instancia do estudante, ao decano ou director do centro, nos prazos establecidos polo centro segundo o estipulado no artigo 5 do Regulamento de avaliación por compensación.

Cando resolve o tribunal?

O tribunal de compensación deberá resolver no prazo máximo dun mes, que conta a partir da data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Contra o acordo do tribunal que denegue a compensación cabe recurso de alzada ante o reitor, no prazo dun mes desde que se efectúe a notificación.

Cales son os efectos académicos da avaliación por compensación?

A avaliación por compensación figurará no expediente do estudante sen cualificación e baixo as siglas CP. As materias compensadas non poderán ser obxecto de validación ou recoñecemento en futuros estudos.

A información completa (Regulamento de avaliación por compensación, aprobado polo Consello de Goberno do 29/9/2011 e modificado polo acordo 24/9/2013) está dispoñible en: http://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/modificacion_avalacion_compensacion.pdf